

## Cartel histórico de La Barraca de García Lorca na Coruña en 1932

Os días luns 22 e martes 23 de agosto de 1932, a compañía teatral universitaria La Barraca, dirixida por Federico García Lorca, actuaba na cidade da Coruña, primeira parada dentro da ampla xira galega de dez días que tamén a levaría a Santiago, Vigo, Baiona, Pontevedra, Vilagarcía de Arousa e Ribadeo. Este é o cartel histórico que anunciaba polas rúas da cidade aquela actuación. Nunha edición facsimilar de Alvarellos Editora que conmemora os 90 anos de La Barraca en Galicia.



FICHA TÉCNICA Medidas 30 x 44 cms. Cartolina Estucada semimate 300 gr PVP: 3,50 €

A CORUÑA, VERÁN 2022.- Para conmemorar os 90 anos da xira galega de La Barraca, Alvarellos Editora publica, en edición facsimilar, o cartel anunciador da actuación da compañía teatral na cidade da Coruña os días 22 e 23 de agosto de 1932. O orixinal pertence ao arquivo persoal de quen fora un dos actores de La Barraca **Modesto Higuera Cátedra** (Jaén, 1910-Madrid, 1985). Foi impreso na Coruña na imprenta e editorial de Manuel Rodríguez Moret, a célebre **Imprenta Moret** (1923-1974).

La Barraca era unha compañía universitaria, non profesional, con actores e actrices estudantes. Viaxaba un elenco total duns 35 integrantes. Creada e dirixida por Federico García Lorca, o seu paso por Galicia, hai agora 90 anos, fora todo un acontecemento, chegando a actuar na Quintana, en Santiago de Compostela, ante máis de 6.000 asistentes, segundo as crónicas xornalísticas.

Na Coruña actuaría faría **tres pases**: dous no teatro Rosalía de Castro ás 19:30 horas e outro máis, de noite, na praza de María Pita. Porían en escena tres *Entremeses* de Cervantes e o auto sacramental *La vida es sueño* de Calderón de la Barca (onde o propio Lorca interpretaba o personaxe da Sombra), con decorados de Ramón Gaya e Benjamín Palencia. Federico García Lorca xa estivera na Coruña ese mesmo ano, en maio, no Teatro Linares

Rivas, onde pronunciara unha inesquecible conferencia. E moitos anos antes, nunha viaxe de estudos, en outubro de 1916, polo que esta era a terceira vez que visitaba a cidade.

A prensa da época relatou así o paso de La Barraca por A Coruña naquel agosto de 1932:

*«Se aplaudió mucho a los simpáticos artistas y singularmente al celebrado poeta Federico García Lorca, que leyó a modo de prólogo unas líricas cuartillas exaltando la finalidad cultural de la obra y anunciando que "La Barraca" parte ahora para Padrón, el punto neurálgico de Galicia, donde con la leyenda jacobea revive también el espíritu de Rosalía».*

*«Por la noche, los animosos y cultos faranduleros, respondiendo a la empresa de difusión que se han impuesto, actuaron al aire libre, en un tabladillo, ante el palacio municipal. Un gran gentío, como en los tiempos idos, escuchó y aplaudió a los jóvenes comediantes en los pasos de comedia clásica que representaron». La Voz de Galicia, 24/08/32.*

Consérvase unha fotografía daquela visita. O autor é Juan Cancelo (A Coruña, 1892-1988) e foi incluída na nosa edición facsimilar dos *Seis poemas galegos*. Apareceu como portada de *La Voz de Galicia* o 24/08/32. Nela posa Lorca co grupo e como pé de imaxe, lemos:

*«Los jóvenes universitarios matritenses que constituyen la ambulante y artística agrupación "La Barraca" y que tan merecido éxito obtuvieron en La Coruña».*

